



UNIDADE DIDÁCTICA  
Música 5º e 6º de Educación Primaria

EXPOSICIÓN  
CORAL POLIFÓNICA  
**EL ECO**

[1882-2022] 140 aniversario

Trae móvil  
e auriculares para seguir  
a exposición a través  
dos códigos QR

Comisario: Alberto Cancela Montes  
Contacto: [expoeleco@gmail.com](mailto:expoeleco@gmail.com)

SALA **PALEXCO** - A CORUÑA

30 de novembro de 2022 - 22 de xaneiro de 2023

HORARIO: Lu-Do (todos os días) de 12-14 e de 18-21H



síguenos nas redes **#expoeleco**



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



## UD Exposición El Eco

### «Desmontando El Eco»

#### 1. Xustificación

O seguinte documento foi elaborado por Alberto Cancela coa colaboración de Beatriz Cancela e constitúe unha guía de traballo previo para a asistencia á **exposición temporal** que terá lugar na Coruña a partires do 30 de novembro de 2022 que conmemora o 140 aniversario da **Coral Polifónica El Eco**, unha das máis antigas que aínda nos nosos días seguen en funcionamento.

Esta mostra está formada por máis de 120 elementos, xa sexan premios, agasallos, partituras ou imaxes, que representan os fitos máis relevantes da historia desta coral. A exposición segue unha ordenación cronolóxica agrupadas por épocas para facilitar o seu seguimento.

- O orfeonismo en Galicia.
- Coral El Eco
  - o A Orixe. Os anos dourados (1882-1893)
  - o Dos anos convulsos cara a modernización (1894-1939)
  - o O esplendor lírico (1940-1975)
  - o Os retos dun novo milenio (1976-2022)

Ao longo das paredes da sala colocaremos paneis que mostrarán unha liña cronolóxica na que se poden observar os principais fitos desta sociedade, acompañadas de fotografías e incluíndo biografías dos directores e presidentes.

Esta exposición tamén conta con dúas zonas onde se realizarán sendas proxeccións e, ademais, dispoñerán dun guía virtual tan só utilizando o seu propio teléfono móbil e uns auriculares a través dun sistema de códigos QR.

Precisamente para favorecer e motivar a visita dende os centros educativos elaboramos o seguinte material didáctico. Esta UD está pensada para os cursos de **5º e 6º de EP**, xa que tanto polo nivel madurativo deste alumnado coma dos contidos en si que se van tratar, requiren certos coñecementos previos para que poida ser entendida e vivenciada dun xeito óptimo.

O título «Desmontando EL ECO» pretende facer unha achega aos distintos elementos que configuran unha coral en sentido xenérico e tamén a perfilar a traxectoria desta agrupación senlleira en sentido particular.

"Desmontaremos" a coral para, a través das tarefas suxeridas, erguer unha proposta grupal baseándonos en tres elementos ou actividades musicais.

Relacionamos, a continuación, os elementos que se traballarán na exposición con cadanseu currículo, xa que este ano conviven dúas lexislacións educativas vixentes: a **LOMCE** (Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia) e que afecta aos cursos pares, coa **LOMLOE** (Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia), que se aplica aos cursos impares do ensino obrigatorio.

### **1.1. Obxectivos específicos**

A través desta programación e tamén da asistencia á exposición de EL ECO perséguese os seguintes obxectivos:

#### **Obxectivos xerais:**

- Aprender a convivir cos demais e participar en actividades ofertadas pola cidade de xeito grupal, respectuoso e cívico.
- Coñecer a historia da cidade así como elementos que forman parte da tradición galega.

#### **Obxectivos musicais:**

- Coñecer a traxectoria histórica deste orfeón e dalgúns dos seus protagonistas.
- Desfrutar da audición e interpretación de obras de distintas épocas, estilos e orixes como forma de comunicación, interacción e enriquecemento persoal.
- Analizar e entender obras musicais como forma de patrimonio cultural.
- Participar en actividades musicais tanto dentro coma fóra do centro educativo con actitude aberta e interesada.
- Participar nas actividades musicais tomando conciencia como membro dun grupo.

## 1.2. Contidos a desenvolver

### 5º EP (LOMLOE)<sup>1</sup>

|                 | CONTIDOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|-----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Bloque 1</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>– O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>– A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.</li> <li>– O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición</li> <li>– Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> </ul> |
| <b>Bloque 2</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>– Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>Bloque 3</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>– Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| <b>Bloque 4</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>– Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |

### 6º EP (LOMCE)<sup>2</sup>

|                 | CONTIDOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|-----------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Bloque 1</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>– B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.</li> <li>– B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.</li> </ul>                                                                                                                                            |
| <b>Bloque 2</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>– B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos da aula e/ou frauta doce.</li> <li>– B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.</li> <li>– B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.</li> </ul> |

<sup>1</sup> Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia

<sup>2</sup> Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

|                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|-----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                 | <ul style="list-style-type: none"><li>– B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</li><li>– B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.</li><li>– B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.</li><li>– B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as aportacións das demais persoas do grupo.</li></ul> |
| <b>Bloque 3</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |

### 1.3 Transversalidade<sup>3</sup>

As actividades propostas favorecerán en todo momento os contidos transversais do currículo:

- Prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Promoción dos valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, o respecto polos dereitos humanos.
- Rexeitamento de calquera tipo de violencia, estereotipos sexistas, a discriminación pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- O coidado á linguaxe discriminatoria.
- Fomento da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

## 2. Desenvolvemento da Unidade Didáctica

### 1º Contextualización da exposición:

- Achega de vídeos interactivos sobre a exposición:
1. Os orfeóns. O nacemento dun fenómeno:
    - <https://www.youtube.com/watch?v=CfqrImH5wLs>
  2. Coral Polifónica El Eco
    - 2.1. A orixe. Os anos dourados (1882-1893):
      - <https://www.youtube.com/watch?v=d26Wifl2fbE>
    - 2.2. Dos anos convulsos cara a modernización (1894-1939):
      - <https://www.youtube.com/watch?v=BC8l0yPOn24>
    - 2.3. O esplendor lírico (1940-1975):
      - <https://www.youtube.com/watch?v=Ds7NeKU3FIU>

<sup>3</sup> Decreto 155/2022 do 15 de setembro.

#### 2.4. Os retos dun novo milenio (1976-2022)

- <https://youtu.be/ToXG8cCAcw>

- Recursos en PDF (material adxunto).

### 2º Os coros e os orfeóns

- **ESCOITA**: Audición dos distintos tipos de voces, identificando cada unha das catro (SATB). Vídeo da Coral Polifónica El Eco interpretando *O Galopín* (popular galega, arranxo de Miguel Groba), e *Xa non sei cantar* (popular galega, arranxo de Santiago Pérez Bernal) baixo a dirección de Keko Martínez Tapia:

<https://www.youtube.com/watch?v=jk8SS3DmLik>

- **WEB**: Xogo interactivo: Blob Ópera

<https://artsandculture.google.com/experiment/blob-opera/AAHWrq360NcGbw?cp=e30>

### 3º Mans á obra!\_Desmontando EL ECO

- **ESCOITA**: Audición da obra "Mariñeiro" de Rogelio Groba interpretada pola Coral Polifónica EL ECO:

<https://youtu.be/QSCKdMVi2ls>

- **INVESTIGA**: Quen é Rogelio Groba? O papel do compositor. Ampliación: documental Rogelio Groba:

<https://www.youtube.com/watch?v=Og8-4GDDqWE>

A obra "Mariñeiro" é unha panxoliña, é dicir, unha canción con alusións ao Nadal. Atopades algunha alusión na letra á temática navideña?

Rogelio Groba compúxoa en 2002 para coro mixto acompañado de instrumentos da familia de cordas. De que instrumentos estamos a falar? escoita...

Dura case 4 minutos e medio e a letra é de Luís Iglesias de Souza -que por certo foi presidente da Coral El Eco- un escritor coruñés nacido no 1919 e finado en 1995.



Rogelio Groba

[www.rogeliogroba.es](http://www.rogeliogroba.es)

- **PRÁCTICA INSTRUMENTAL E VOCAL:** Práctica melódica co acompañamento instrumental. Cantamos esta obra coa base musical.

*Mariñeiro* para canto e piano:

- o <https://youtu.be/nhZOXJ3uPNs>

*Mariñeiro* con instrumentos da aula de música:

- o <https://youtu.be/v9MlrQ0GO-8>



- **EXERCICIO RÍTMICO:** Práctica melódica acompañando a rítmica corporal.
- **A NOSA CORAL:** Montamos toda a melodía de "Mariñeiro"
- 

#### 4º Material complementario

##### - **MÁIS VÍDEOS E AUDICIÓNS:**

Certame musical de 1890. O *Himno galego*:

- <https://www.youtube.com/watch?v=u9qWN6fjLdE>

Gravación fonográfica de 1904 da *Alborada gallega* de Pascual Veiga:

- <https://www.youtube.com/watch?v=zRYftnp4x8>

Gravación de *Os teus ollos* de José Castro Chané en 1966:

- <https://youtu.be/SkYZfQBdv38>

Fragmento da Gala Americana (2011):

- <https://youtu.be/kJpQaurZv6s>

Gravación de Lela cunha orquestra de cámara (2017):

- <https://youtu.be/mqBN07LA-gc>

- **AMPLIACIÓN:** Falando de mariñeiros... Emprega Google Lens para descubrir información sobre o seguinte cadro e o autor do mesmo:



